

Tenso retorno á democracia en Paquistán

Roberto Mansilla Blanco

Na súa primeira edición de 2008, a revista británica *The Economist*⁽¹⁾ cualificou na súa portada a Paquistán como “o país máis perigoso do mundo”. Tras un 2007 determinado pola violencia política, cos continuos atentados terroristas, o choque frontal entre os militares e os islamitas e, finalmente, o asasinato da candidata Benazir Bhutto o pasado 27 de decembro, as perspectivas non semellaban mellorar para o actual ano en curso.

O proceso electoral lexislativo previsto en principio para o 8 de xaneiro foi finalmente retardado ata o 18 de febreiro. As presións internas e externas cara ao goberno do presidente, Pervez Musharraf, o delicado escenario étnico, relixioso e tribal e o asasinato político de Bhutto, colocaban a situación política paquistaní nos parámetros da inestabilidade.

Con estes síntomas, en diversos medios occidentais falábase de Paquistán, un país con 150 millóns de habitantes e o único no mundo musulmán con arsenal nuclear, como un posible “Estado fracasado”, con arriscadas repercusións en materia de seguridade e equilibrio xeopolítico e militar en Asia Central.

Non obstante, o proceso electoral do pasado 18 de febreiro mudou algunhas destas perspectivas “apocalípticas”. A elevada participación electoral, un clima global de civismo á hora de exercer o voto e, finalmente, a contundente vitoria da oposición política, conformada principalmente polo Partido Popular de Paquistán (PPP) de Bhutto, agora liderado polo seu esposo, Asif Ali Zardari, e a Liga Musulmá de Paquistán-Nawaz (LMP-N) liderada polo ex-primeiro ministro Nawaz Sharif, determinaron unha nova etapa política que, a grandes trazos, semella anunciar o fin da “era Musharraf”.

A fin de consolidar esta vitoria electoral, o Parlamento paquistaní elixiu o pasado 24 de marzo a Yousuf Raza Gillani, do PPP, como novo primeiro ministro, ao mesmo tempo que o presidente Musharraf declarou publicamente o seu “total apoio” ao novo goberno civil elixido nas urnas. Gillani obtivo unha contundente vitoria parlamentaria, con 264 votos, contra só 42 do candidato de Musharraf, Pervaiz Elahi.

Con Gillani na xefatura do goberno, os cálculos políticos determinarán unha histórica coalición governamental entre os tradicionais rivais políticos PPP e o LMP-N de Sharif, escenario que estaría conformando un retorno aos gobernos civís en Paquistán tras case unha década de preponderancia militar baixo Musharraf, elemento este que alterou drasticamente o sistema político paquistaní.

(1) *The world's most dangerous place*, *The Economist*, 5-11 de xaneiro de 2008. <http://www.economist.com>.

Musharraf: de “xendarme necesario” a estorbo político

A loita pola democracia en Paquistán revela interesantes e contraditorias sinais, principalmente dende a perspectiva dos partidos políticos opositores a Musharraf e dos intereses xeopolíticos occidentais, especialmente de EUA e Gran Bretaña.

O golpe militar de Musharraf en outubro de 1998, precisamente contra o entón primeiro ministro Nawaf Sharif, abriu unha fenda na política paquistaní, determinado polo progresivo apoio occidental á consolidación de Musharraf como líder nacional e principal peón dentro do complicado xadrez xeopolítico en Asia Central, sen constatar os perigos que esta consolidación determinaba para a democratización de Paquistán.

Ex director do poderoso Servizo de Seguridade e Intelixencia (ISI), Musharraf, EUA e os militares paquistanís brindaron un inestimable apoio loxístico e financeiro aos combatentes talibáns durante a guerra de Afganistán entre 1989 e 1989. A posterior consolidación do réxime talibán en Afganistán a partir de 1996 e o avance do islamismo político en Paquistán convenceron aos EUA e Gran Bretaña para ocupar a súa atención na evolución política da rexión.

A posibilidade de activar un clima de inestabilidade política e convulsión social, así como a elevada corrupción existente durante os gobernos de Benazir Bhutto (1986-1988) e de Sharif (1996-1998), que determinaron en gran medida a caída de ambos gobernos, persuadiron aos militares paquistanís a propiciar unha intervención na política, por medio do golpe militar de Musharraf, contando co tácito apoio occidental.

Os atentados terroristas do 11 de setembro de 2001 en EUA condicionaron a posición clave de Musharraf como aliado occidental na rexión centroasiática. Esta posición aumentou tras a posterior guerra de Afganistán a finais de 2001, destinada a desactivar ao réxime talibán acusado de albergar o comando central do grupo Al-Qaida.

Dende a perspectiva xeopolítica, a estratexia de Washington enfocaba en recrear un goberno títere prooccidental en Cabul, dirixido polo seu actual presidente, Ahmed Karzai, que contara con Musharraf como peza clave para contrarrestar a posible reacción do “yihadismo salafista” e os islamitas radicais na rexión centroasiática, así como manter a raia a China, Rusia e India, países que xunto a Paquistán, conformaban un delicado eixe nuclear nunha rexión inestable de seu.

Paralelamente, a estabilidade de Paquistán e a súa orientación prooccidental supoñía unha especie de “colchón” dirixido a illar á veciña Irán, cuxo programa nuclear e posición xeopolítica comezaba a ampliarse. Tanto como o factor xeopolítico, manter na súa órbita a Afganistán e Paquistán explicaba co interese enerxético das multinacionais estadounidenses Unocal e Chevron Texaco, a fin de ampliar os seus oleodutos e gasodutos nestes territorios.

A fin de lexitimarse democraticamente, Musharraf convocou a eleccións presidenciais, sendo elixido en 2002, consolidando o seu poder no sector civil e militar e apoiado no exterior ante a elevada axuda militar estadounidense e británica.

Non obstante, o avance do islamismo político e a constatación dunha fronteira porosa e incontrolable entre Afganistán e Paquistán, especialmente nas rexións denominadas Provincias das Fronteiras de Noroeste, en torno á rexión de Waziristán, aumentou o predominio dos grupos talibáns e yihadistas salafistas.

Paralelamente, presentáronse focos de elementos insurxentes nacionalistas e independentistas na rexión de Baluchistán, dentro dunha clara confrontación directa coa capital Islamabad, que elevaron as alarmas para Musharraf, da casta militar paquistaní, de Washington e Londres.

A partir de 2002, a variable da seguridade nacional comezou a impoñerse oficialmente, en clave de manter o control do programa nuclear e os privilexios da casta militar, con Musharraf ou sen el á cabeza. Así, Musharraf e a oposición acordaron unha alianza tácita, cualificada como de “oposición amigable”, destinada a evitar o risco de radicalización do país.

A pesar desta alianza tácita, as presións dos partidos de oposición, tanto civís como islamitas, cara unha real democratización do país, aumentaron diversos dilemas para Washington sobre a conveniencia de prolongar o seu apoio a Musharraf. A acción militar na fronteira afgano-paquistaní permitiu a Musharraf enviar entre 2004 e 2006 a 80.000 efectivos castrenses a fin de combater contra os elementos insurxentes en Waziristán e Baluchistán. Esta política de represión militar ampliouse a outras cidades e a capital Islamabad.

Paquistán asiste a focos de fragmentación étnica e territorial en diversas rexións baixo o control de xefes tribais rebeldes, outros vinculados co “yihadismo salafista” e cos talibáns, principalmente dentro da etnia *pashtun* e na veciña Afganistán.

Así, Paquistán é considerado en Occidente como o berce do yihadismo fundamentalista islamista, vinculado á ideoloxía e acción operativa de Al Qaeda. Este factor aumenta a súa potencialidade conflitiva tomando en conta o conglomerado multiétnico e multilingüístico paquistaní.

Turbulencias políticas

Dende entón, o temor occidental e da clase militar paquistaní á “talibanización” do país limitou tamén a operatividade dos partidos de oposición e, especialmente, dos diversos movementos islamitas paquistaníes que avogan por un necesario cambio político democrático, acusados errónea e inxustamente de ser promotores dun clima de violencia e de querer instaurar un “califato islámico” en Paquistán.

Tanto como a confrontación política entre Musharraf e a oposición, a configuración étnica e tribal condiciona en gran medida á socioloxía política paquistaní, o cal determina en gran medida diversas loitas sectarias.

As comunidades *pashtun* e *urdu*, maioritarias no país, afrontan a súa puxa por espazos de poder político. O presidente Musharraf tentou consolidar o seu partido, a Liga

Musulmán de Paquistán-Q (LMP-Q) como o referente político da comunidade *pashtuna*, en contraposición cos opositores PPP de Bhutto e o LMP-N de Sharif, con gran predominio da etnia *urdu*, e de diversos partidos islamitas democráticos.

En xullo de 2006, o PPP e a LMP-N asinaron unha Carta pola Democracia destinada a constituír unha oposición política viable para derrotar nas urnas a Musharraf. Pola súa banda, un total de seis partidos islamitas conformaron unha alianza política, o Consello de Acción Unificado (*Muttahida Majlis-e-Amal*, MMA) destinada a iniciar unha dura confrontación política contra Musharraf, con manifestacións e folgas xerais que debilitaran o poder do presidente paquistaní.

O clima de confrontación política aumentou no 2007. A destitución en abril do presidente do Tribunal Supremo, Iftikhar Chaudhry, presuntamente acusado de concentración de poder cando a súa posición consolidouse como defensor dos dereitos humanos, elevou o descontento contra Musharraf, a quen se acusou de estar detrás da destitución de Chaudhry.

Paquistán comezou a vivir unha violenta vaga de manifestacións políticas contra Musharraf, en parte determinados pola destitución de Chaudhry, noutros casos polo aumento da actividade de grupos islamitas radicais como o Movemento Nacional Unificado (*Muttahida Qaumi Movement*, MQM).

A espiral de violencia deu paso a decenas de mortos en enfrontamentos e atentados con distinto signo político, tanto por grupos islamitas radicais como por loitas entre comunidades relixiosas xiítas e sunnitas e das etnias *pashtun*, *punjabis* e *baluches*, en cidades como Karachi e Quetta.

A violencia interrelixiosa

Unha das claves da violencia interrelixiosa en Paquistán está contida nas rivalidades das escolas relixiosas. Un 75% dos paquistaníes profesan a variante xiíta islámica, sendo o 25% confesionarios da comunidade sunnita. Entre as distintas escolas do pensamento islámico sunnita están os *barelvis*, que representan un Islam tradicional e popular, e os *deobandis*, militantes dunha fe máis purista e crítica con Occidente⁽²⁾.

Un punto culminante desta violencia presentouse en xullo de 2007, co acoso e asalto militar á denominada Mesquita Vermella de Islamabad, onde milleiros de simpatizantes islamitas de diversas *madradas* ou escolas relixiosas se concentraron para apoiar o desafío lanzado polo clérigo Abdul Rashid Ghazi de “combater o goberno infiel” de Musharraf e “crear un Estado islámico” en Paquistán. Se calcula que en Paquistán existen unhas 10.000 *madradas*, algunhas delas acusadas de fomentar o integrista islámico tipo yihadismo salafista.

(2) MATO BOUZAS, Antía: *El extremismo islámico y la estabilidad de Pakistán*, en Análisis del Real Instituto Elcano, ARI, nº 46, outubro de 2007. <http://www.realinstitutoelcano.org/>.

O baño de sangue provocado polo asalto militar deixou centenas de mortos e un aumento do descontento popular cara Musharraf e os militares. A consecuencia, o considerado “nº 2” de Al-Qaida, o exipcio Aywan al Zawahiri, chamou a todos os musulmáns a iniciar a “yihad” contra o goberno de Musharraf.

Este clima de violencia e o aumento da popularidade de Bhutto e do PPP permitiron a Musharraf abrir determinados espazos de negociación coa ex primeira ministra paquistaní ao longo de 2007. Estas negociacións estaban máis destinadas a propiciar unha complexa trama de contrapartidas políticas, como a renuncia de Musharraf a presentarse como candidato nas eleccións de 2008 e o seu retiro definitivo como xeneral do Exército que, paralelamente, garantiran a Musharraf non só conservar determinadas cotas políticas senón evitar a posibilidade dun *impeachment* ou xuízo político posterior.

En realidade, o obxectivo de Musharraf era atraer ao PPP a unha especie de coalición política coa oficialista LMP-Q que garantira a súa maioría parlamentaria. Pero as negociacións fracasaron no derradeiro trimestre de 2007, acercando a Bhutto e o PPP á opción liderada por Sharif e a LMP-N.

Baile de alianzas no exterior

No apartado das relacións exteriores, a partir de 2006, Musharraf logrou reacondicionar favorablemente as relacións bilaterais paquistaní con India e China, así como enfocar unha maior cooperación, principalmente militar e de intelixencia, con Israel e Turquía.

O acercamento de Musharraf a China e a posibilidade de conformación dun eixe Islamabad-Beijing deu paso a unha inmediata reacción estadounidense, enfocada en reforzar as súas relacións coa India a partir de 2006, non só no aspecto comercial senón principalmente na cooperación nuclear.

Con quen comezaron as controversias foi con Afganistán, principalmente polo problema da seguridade na fronteira afgano-paquistaní e o risco de “talibanización” en diversas rexións paquistaní.

A partir de 2006, as reunións e contactos entre Musharraf e Karzai foron mingando dentro dun duro clima mutuos reproches que instigaron á presión dende Washington para reacomodar a delicada relación bilateral entre Islamabad e Cabul.

En febreiro de 2007, o propio Musharraf recoñeceu publicamente “certos fracasos” na súa política de confrontación contra os redutos talibáns na fronteira con Afganistán. Incluso, dende Kabul acusaron ao goberno paquistaní de estar detrás da insurrección talibán nos derradeiros meses mentres en Washington criticaron a “relaxación” de Musharraf na loita contra os talibáns.

A inestabilidade sociopolítica e a caída en desgracia de Musharraf mudaron case radicalmente as perspectivas xeopolíticas de Washington, acercando as súas

posicións cara fortalecer a Bhutto e o PPP, así como a Sharif en a LMP-N, como promotores do cambio democrático en Paquistán.

Así, EUA e Gran Bretaña comezaron a observar ao seu antigo aliado Musharraf como un factor incómodo para a urxente estabilidade de Paquistán, tentando afastar a súa implicación durante anos en consolidar a posición política e militar de Musharraf, aducindo factores de seguridade nacional, que obstaculizaron o ascenso doutros partidos e movementos políticos opositores, así como a posibilidade dun cambio democrático.

Non obstante, o triunfo opositor nas eleccións de febreiro pasado propiciaron un saudable e necesario acercamento entre Paquistán e India, dúas potencias nucleares con reclamacións mutuas fronteirizas en torno á delimitación da rexión de Cachemira, cuxa balanza xeopolítica determina en gran medida a estabilidade e o equilibrio rexional. A pesar de manter formais relacións bilaterais con Musharraf, eran notorios os receos en Nova Delhi cara o goberno militar instalado en Islamabad.

O goberno indio de Manmoham Singh saudou a vitoria e posterior elección de Gilani como xefe de goberno, avanzando na concreción dun cumio bilateral indo-paquistaní a celebrarse no mes de abril. Un rasgo significativo da campaña electoral paquistaní foi a ausencia completa de referencias de inimizade e confrontación cara a India, utilizadas anteriormente como argumento electoralista⁽³⁾.

Un futuro complicado

O asasinato de Bhutto en decembro pasado e o espectacular triunfo electoral da oposición liderada polo PPP e a LMP-N asestan un duro golpe político a Musharraf, a tal punto que o presidente paquistaní tenta manter a iniciativa coa incógnita dunha alianza política con estes partidos, a fin de formalizar unha especie de “pacto nacional de gobernabilidade”.

A derrota electoral do oficialista LMP-Q e a caída en desgraza de Musharraf foi patente se tomamos en conta que os seus antigos compañeiros de armas, actualmente consolidados no Alto Mando militar, como o caso do xeneral Ashfaq Kiyani, negáronse a apoiar aos aliados políticos de Musharraf, asestando un golpe político decisivo.

Para afastar as especulacións dun acercamento a Musharraf, o PPP e a LMP-N anunciaron a súa vontade de conformar unha especie de alianza parlamentaria que mine o poder do oficialista LMP-Q e permita unha posible saída política e legal de Musharraf do poder. Dos 268 escanos na Asemblea Nacional, o PPP con 87 e a LMP-N con 66 conformaría a maioría parlamentaria, contra os 38 escanos do oficia-

(3) MIR, Amir: *Pakistán: tras las elecciones, acercamiento con India*, en Inter Press Service en español, 24 de marzo de 2008. <http://www.ipsnoticias.net/nota.asp?idnews=87875>.

lista LMP-Q. Un dato significativo foi a baixa dos partidos islamitas radicais, con só 13 escanos, cando nas eleccións de 2002 obtiveron 59 parlamentarios.

Con Benazir Bhutto desaparecida e a elección parlamentaria de Gillani como xefe de goberno, a figura política en ascenso estaría enfocada en Nawaz Sharif, o ex primeiro ministro que sufriu o golpe militar de Musharraf en 1998, provocando o seu exilio político en Arabia Saudita. O ascenso de Sharif pode manifestarse tamén como un necesario revulsivo político, tomando en conta a escasa popularidade do viúvo de Bhutto, Alí Zardari, e o feito de que Sharif pode levar a cabo unha dura oposición ante os intentos de Musharraf por aferrarse ao poder.

Esta inédita alianza PPP-LMP-N, outrora rivais políticos, afrontará unha plataforma eficaz de oposición a Musharraf e os aliados do seu partido LMP-Q. Unha das primeiras demandas do PPP-LMP-N é a restitución ao Tribunal Supremo dos 63 xuíces, entre eles o maxistrado Chaudhry, destituídos por Musharraf durante o estado de emerxencia decretado en novembro de 2007.

Unha incógnita estará inscrita na estratexia dos grupos radicais, islamistas ou non, que poden propiciar situacións de inestabilidade cara o novo goberno. Nas semanas posteriores ás eleccións legislativas ocorreron diversos atentados en cidades como Lahore e Karachi, con decenas de mortos e feridos, certificando unha espiral de violencia sectaria e relixiosa que dificilmente se acougará.

O ciclo político paquistaní a curto e mediano prazo estará basicamente in-fluído pola delicada relación entre civís e militares, elemento que deberá reconsiderar o rumbo do futuro político e social do país centroasiático. Un informe del Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) de 2006 evidenciaba a preponderancia do sector militar, baseada nun gasto público do 3,5% do orzamento estatal, que restrinxe o escaso gasto destinado a educación e servizos sociais, calculado por ese informe nun 2,2% entre 2002 e 2004⁽⁴⁾.

Con isto, a excesiva intromisión militar na política paquistaní, baixo parámetros de defensa da seguridade nacional particularmente para combater aos movementos islamitas, deberá medir outras demandas máis prioritarias, destinadas ao desenvolvemento socioeconómico, o fortalecemento de gobernos civís e o aumento da participación democrática.

Unha vez fora elixido polo Parlamento como novo primeiro ministro, Yusuf Reza Gillani, considerado un leal á desaparecida Benazir Bhutto, anunciou a creación dunha comisión governamental que investigará as causas reais do seu asasinato.

Paralelamente, na súa primeira medida de goberno, Gillani ordenou a liberación de varios xuíces, entre eles o ex presidente do Tribunal Supremo, Mohammad Chaudry, rival político de Musharraf e quen fora arrestado ilegalmente en novembro pasado, durante a breve instauración do estado de emerxencia. Con isto, semella conformarse unha especie de plataforma opositora en torno a figuras políticas como

(4) MATO BOUZAS, Antía: *El extremismo...*, op.cit.

Gillani, Sharif, Chaudry e Zardari, viúvo de Bhutto, así como a posible emerxencia a mediano prazo do seu fillo Bilawal Bhutto, actualmente de 18 anos, como o seu sucesor político natural.

O pulso que manterá o goberno Gillani cun Musharraf politicamente caído en desgraza e un estamento militar con considerables bazas de poder político, anuncian maiores momentos de tensión nun país que espera con ansias a recuperación da súa estabilidade democrática, afastando os temores de intervención militar e caos social e político.

Caso contrario, Paquistán corre o risco de deslizarse cara unha perigosa “democracia iliberal”⁽⁵⁾, e converterse nunha polvoreira sumamente inestable para Asia Central, o sueste asiático e, incluso, Oriente Medio. Todo dependerá do equilibrio político que logren conformar o novo goberno civil, os partidos políticos, o estamento militar e o delicado *puzzle* tribal, étnico e relixioso existente neste país, sen esquecer os cambios de orientación no exterior, principalmente dende Washington.

Roberto Mansilla Blanco é analista do Igadi.

(5) O termo “democracia iliberal” foi orixinalmente exposto polo xornalista de orixe hindo Fareed Zakaria, actual editor adxunto da revista Newsweek, no seu libro *The Future of Freedom*, publicado en 2003. Zakaria fai referencia ao ascenso de gobernos elixidos democraticamente pero que, no seu funcionamento, amosan actitudes autoritarias e autocráticas, cunha forte concentración de poder que limita e obstaculiza a división de poderes propia dos estados de dereito e dos sistemas de democracia representativa. Neste sentido, Zakaria consideraba a gobernos como os de Alberto Fujimori en Perú, Vladimir Putin en Rusia ou Hugo Chávez en Venezuela, como exemplos de democracias “iliberais”. No caso paquistaní, o goberno de Musharraf, lexitimado nas urnas en 2004 tralo golpe militar de 1998, tentou asentar esa concentración de poder baixo parámetros de lexitimidade democrática.